

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **791 (10/INT-000013)** debatida na sesión plenaria do 13 de decembro de 2016, sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.

MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas:

1. Abrir unha mesa de negociación coas centrais sindicais e representación patronal para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e loitar contra a precariedade laboral da mocidade.
2. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover a Negociación Colectiva de ámbito galego, unificando convenios sectoriais provinciais e negociando convenios galegos sectoriais naqueles sectores que só contan con convenios de ámbito estatal.
3. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos no seu ámbito territorial e sectorial para promover que na Negociación Colectiva de ámbito galego se considere obxectivo a acadar en 2020 a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres.”

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2016.

